

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 13 de xaneiro de 2025 pola que se modifica a composición da Comisión Interuniversitaria de Galicia para o curso 2024/25.

A consellería competente en materia de educación nomea os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia, en virtude do disposto no convenio asinado, o 12 de marzo de 2001, polos reitores das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, e na Orde do 24 de marzo de 2011.

O 8 de novembro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 29 de outubro de 2024, pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se fan públicos os parámetros de ponderación de materias para o acceso ás ensinanza universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia no curso 2025/26, aprobados nos respectivos consellos de goberno das universidades públicas de Galicia.

O 7 de xaneiro de 2025, o reitor da Universidade da Coruña comunica á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que, actuando de conformidade co establecido no artigo 36.1 dos estatutos da dita universidade, designou como delegada da Universidade da Coruña para a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), a María Elisa Beceiro González en substitución de Pedro Ramón Armas Diéguez, con efectos do 1 de xaneiro de 2025.

De conformidade co exposto,

DISPOÑO:

Artigo único

Noméase a María Elisa Beceiro González, membro da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) para o curso 2024/25, como delegada da Universidade da Coruña en substitución de Pedro Ramón Armas Diéguez.



Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2025

Román Rodríguez González
Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

CVE-DOG: yluv1vc4-fae6-qh45-mae3-wffhblotw8t5

